



"O fin primeiro cando me sentei a escribir era colocar na nosa historia de ficción e afectiva as historias das ninguén"

[Ana G. Liste @BelaMistura](#) 25 de outubro de 2024

<https://praza.gal/cultura/o-fin-primeiro-cando-me-sentei-a-escribir-era-colocar-na-nosa-historia-de-ficcion-e-afectiva-as-historias-das-ninguen>

Llerena Perozo Porteiro constrúe na súa segunda novela, 'Os anos tranquilos' (Xerais), a historia de vida de María García, que atravesa o século XX sendo testemuña de grandes fitos históricos que ocorren no mundo, e que aporta a súa ollada crítica

Unha muller que se achega ao século de vida decide escribir as súas memorias. Este pode ser o comezo de moitas historias, pero non abundan os relatos de vida das mulleres anónimas contados desde a súa perspectiva e no seu contexto, coas súas luces e sombras. **Llerena Perozo Porteiro** (Vigo, 1974) constrúe na súa segunda novela, ***Os anos tranquilos*** (Xerais), a historia de vida de María García, que atravesa o século XX sendo testemuña de grandes fitos históricos que ocorren no mundo, e que aporta a súa ollada crítica sobre todo iso.

O mundo visto a través dos ollos desta narradora protagonista resulta moi próximo para quen le hoxe, pois esta muller non fala como se espera que o faga unha vella. Nesta novela transloce o amor aos libros e ás palabras da súa autora, o seu compromiso feminista e de clase e unha certeza: a importancia de que as persoas sexan donas do seu tempo.

Quen é a muller da fotografía da capa do libro e que relación ten coa historia?

É a miña avoa materna, Ramona García Rodríguez, e o home é o meu avó materno, Jesús Porteiro Fernández. As primeiras páxinas do libro, desde cando María García conta a súa infancia ata que ten que marchar a Madrid, é practicamente un calco do que foi a infancia da miña avoa e a disrupción que supuxo para ela ter que ir para Madrid. Quería contar unha historia como a dela, pero non a dela, por iso despois xa está novelado. Ramona tivo que marchar da aldea pola guerra, despois emigrou e viviu en Cuba. Non tivo a vida da protagonista da historia, nin fixo moitas das cousas que fai ela, pero para min presenta ese arquetipo de mulleres que naceron no primeiro cuarto do século XX e saíron do rural por diferentes motivos. Elas abriron o mundo e abríronnos moitísimo camiño ás demais.

A historia, escrita en primerísima persoa, é case como o [Itinerario de Exeria](#), pero no século XX.

Si, é que cando podemos falar das cousas con perspectiva, reflexionar e revisarnos a nós mesmas é un tempo despois de que sucedan. Por iso me interesaba que a protagonista falase en primeira persoa e dende o futuro –por dicilo así–. Esa distancia dos feitos permítelle unha reflexión que me interesaba moito sobre a natureza humana, a política e os acontecementos históricos destacados do momento que lle tocou vivir. Iso só cho dá a perspectiva do tempo.

Mantense unha conciencia feminista ao longo de toda a historia, que queda patente a través de razoamentos como o que a protagonista fai nun momento dado, tras verse nunha situación complicada xunto a unha boa amiga, cando di: “O que ningunha das dúas entenderamos aínda era que as mulleres somos, en calquera contexto, persoas de segunda clase”.

Iso está baseado no que promulgou Flora Tristán, unha das fundadoras do feminismo con perspectiva de clase, que dixo que ata o proletario máis proletario tiña por baixo de si a unha muller. Quixen coller esa reflexión para que a fixera a protagonista vendo a súa propia vida.

Por que quixo partir da historia da súa avoa para comezar esta historia, na que ademais de repasar importantes fitos do século XX desde o punto de vista das mulleres, chega a levar a súa protagonista a que tome a xustiza pola man en momentos moi concretos, nos que case se chega a empatizar co feito?

En parte vén da miña fascinación polas vidas dos meus catro avós e avoas, que son moito máis espectaculares do que cabería esperar de persoas anónimas, humildes e modestas coma eles. Sempre pensei que tiña que haber moitas máis vidas así e que non as coñeciamos, sobre todo de mulleres. Xa conseguimos colocar as mulleres nos libros de texto, as que teñen relevancia para isto, pero a ficción, cando fala de persoas anónimas e humildes, só fala dos homes. Non hai esas historias das mulleres e parecíame moi importante contar con esa perspectiva.

O tema de tomar a xustiza pola man é porque creei un personaxe que nace nun contexto –nese rural preto dos Ancares, en Asturias– bastante alleo aos valores morais que xa había na cidade. Iso permitíume que esta muller fose elaborando a súa propia moral. O que acontece é que cando empatizamos con ela, cuestionamos tamén o sistema de valores no que funcionamos, e iso resultábame tremendamente apetecible.

Como a narración resulta moi próxima, porque se escribe desde a actualidade para quen le, a historia tamén serve para comprender a evolución do feminismo no século pasado.

Que ben! Para min iso era moi importante. Creo que ás veces, na voráxine actual das consignas e os *memes*, esquecemos o relato. E non o temos moi documentado, ou les libros de teoría política e pensamento filosófico arredor do feminismo ou non tes o relato contado desde outras perspectivas. Eu aprendín, xa coa miña anterior novela –*Pérez. Historia dun triunfo* (Galaxia, 2021)–, que a ficción consegue un vencello emocional que non logra a divulgación ou o ensaio. Creo que é importante que o incorporemos ás nosas narrativas, e por iso o intentei.

Como se organizou para escribir esta novela?

Eu son a raíña das listas cando traballo nunha produción ou cando fago unha maleta, pero cando escribo sei onde empeza e onde acaba a historia e teño unha idea básica do que quero contar, mais realmente non sei o que vou escribir ata que comezo: voume documentando sobre a marcha e moitas veces atopo información que me inspira outras historias. Concretamente nesta

novela o maior atranco que tiven foi que tiña pensado meter en atrancos gordos a esta muller e non me preguntes por que, en cada sarillo que a metía saía vitoriosa. Estiven como dous meses sen escribir, estaba enfadadísima con ela porque non conseguía avanzar. Non conseguía o conflito e desatasqueime nunha viaxe a Arxentina, que non tivo nada que ver co libro, pero volver estar alí inspiroume e á volta puideren seguir escribindo.

É como se a novela estivese escrita nunha parte do subconsciente da túa cabeza e ao escribir só estiveses 'vomitando' o que xa existe. Eu métome a escribir e ten que vir o meu compañeiro a dicirme que ese día non comín ou que xa é a unha da mañá, porque me meto aí e esquézome do exterior.

E como logra compaxinar iso cos outros traballos que fai?

A razón pola que puideren empezar escribir agora, case no medio século, foi porque fixen un cambio de vida moi drástico con isto de virme a vivir ao campo. Cambiei todos os ritmos urbanos, traballo moito pero teño a enorme vantaxe de que podo decidir que fago, que non e cando. Vivo con moi pouquiño e estou moi contenta con esta vida, e teño un compañeiro que me fai un mecenado de tempo porque cando me poño a escribir el se ocupa de todo. Agora teño este privilexio tan grande, que é ter control sobre o meu tempo.

Isto tamén o leva á ficción, pois a protagonista decide planificar o seu tempo unha vez que pode e escolle como pasar o último treito da súa vida.

Claro, é que normalmente estas vidas tan intensas esgotan. Eu tiven moita relación con persoas de idade polos meus avós e a xente que os rodeaba, e isto é algo que neles non vía tanto porque viñan doutro tempo, pero que agora estou vendo na xeración dos meus pais. Hai máis demanda de parar e, á vez, unha vez que o fan quedan como descolocados, non saben como xestionalo porque parar non significa estarse quieto: significaría dedicar o tempo a aquelas cousas que degoiraches. Sempre me pregunto se había que esperar ata os 65 anos (ou 67) para iso.

Ademais do feminismo, dálle á protagonista unha gran conciencia de clase. Dise na novela que "as verdadeiras revolucións fanse no monte e na rúa, non nos bares nin nas bibliotecas".

Esa frase dixéronma a min porque no personaxe de Irene, co que está a falar María [a protagonista], está a miña filla-non- filla pero tamén estou eu e todos aqueles movementos políticos dos anos noventa: a insubmisión, os primeiros feminismos estudantís, os comités de facultade, as okupas, os centros sociais autoxestionados e moita política de bar, de ska e de rock and roll. Visto co tempo, e aínda que no momento aquela frase sentárame fatal, que razón tiña quen mo dixo. O cantante cubano Fran Delgado ten unha canción sobre iso, *La guerrillera frustrada*, que a escribiu cando estivo na Compostela dos noventa.

De cando en vez convén situar o relato e narrar a historia desde a nosa perspectiva, non sempre desde a dos vencedores, pero tamén resituarnos. Agora, nesta sociedade do 'benestar', temos un perfil que nos fai perder moito a perspectiva e ser moito máis manipulables. Por iso tamén me apetecía que María reflexionase sobre todo iso, e aproveito para deixar constancia de que non estou de acordo con ela en todo o que fai e que hai momentos nos que incluso me resulta tremendamente antipática.

Na novela tamén exemplifica que non hai unha soa maneira de quererse nin unha soa forma de estar en parella.

Eu creo que cada relación da nosa vida, todas as que implican afectos, é distinta con cada persoa porque depende da persoa que tes enfronte e do que recibe de ti esa persoa. Hoxe hai moito discurso sobre o individualismo e eu pertenzo a unha xeración na que se comparte doutra forma, e aí xurdían outros conflitos, pero tamén había outras complicidades. Existen os amores apaixonados, os amores nos que o sexo é imprescindible e motor desa relación de parella, pero tamén existen outros amores máis tranquilos ou que teñen que ver con outras conexións. Por iso quería que a protagonista puidese experimentar polo menos dous deses tipos de amor.

Agora dámoslle moita importancia ao feito de ter mulleres referentes en todos os eidos, na novela atopamos unha muller que busca esas referentes e que acaba por converterse tamén nunha.

Ese era o fin primeiro cando me sentei a escribir, colocar na nosa historia de ficción e afectiva as historias das ninguén, de todas estas mulleres das que non sabemos. María García non existiu perose *non è vero, è ben trovato*, podía ter existido.